

D/D<sup>a</sup> .....

DNI ..... como pai, nai, titor/a  
da persoa solicitante a participar no “*Campaña de vela 2019*”.

1º.–Autorizo a asistencia do meu/miña fillo/a ao  
“*Campaña de vela 2019*”.

2º.–Declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida  
participar nesta campaña.

- SI  
 NON

3º.–Autorizo a realizar a reportaxe fotográfica ao meu/miña fillo/a  
e para que se publique na web de Deportes da Deputación da  
Coruña.

- SI  
 NON

4º.–Logo de ler a información en materia de protección de datos  
que figura a continuación no presente formulario, consinto expresamente o tratamento dos datos persoais que constan nel.

- SI  
 NON

En ....., a ..... de ..... de 2019

Sinatura,

Os datos subministrados nesta ficha teñen a **finalidade** de poder prestar o servizo de “*Campaña de vela 2019*” na que vostede participa e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O **responsable** do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o **encargado** será a empresa contratada pola Deputación Provincial para a realización do “*Campaña de vela 2019*”.

A **lexitimación** para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa sinatura. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non se poderá ter acceso ao servizo solicitado por imposibilidade de tramitación da solicitude.

O **destinatario** dos datos é a Deputación Provincial, que non cederá datos a terceiros salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización do “*Campaña de vela 2019*”.

Ten vostede os **dereitos** a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse nas oficinas centrais da Deputación, sitas na Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña.

Pode consultar a **política de privacidade** da Deputación no enderezo:

//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade



# CAMPAÑA DE VELA 2019

Do 1 de xullo ao 9 de agosto

## PARTICIPANTES:

Rapaces/zas de 9 a 18 anos de idade  
cumpridos durante o ano 2019,  
empadroados nun concello  
da provincia da Coruña.

**É imprescindible que saiban nadar.**

Con prioridade para os/as nenos/as  
empadroados/as nos concellos  
onde se fai a campaña de vela.

## INSCRICIÓNS:

Nos concellos participantes:

**BOIRO,  
OUTES,  
FISTERRA,  
MALPICA DE BERGANTIÑOS,  
A CORUÑA,  
ORTIGUEIRA**

## DURACIÓN DO CURSO:

**1 SEMANA, DE LUNS A VENRES, EN SEIS QUENDAS.**

## INFORMACIÓN:

Gabinete de Deportes da Deputación da Coruña

Tel.: 981 08 06 44

[www.dacoruna.gal/deportes](http://www.dacoruna.gal/deportes)



Deputación  
DA CORUÑA

| Quenda                          | Concello      | Prazo inscrición<br>no Concello sede |
|---------------------------------|---------------|--------------------------------------|
| 1ª (1 ao 5 de xullo)            | BOIRO         | Do 03/06/2019 ao 19/06/2019          |
| 2ª (8 ao 12 de xullo)           | OUTES         | Do 03/06/2019 ao 26/06/2019          |
| 3ª (15 ao 19 de xullo)          | FISTERRA      | Do 03/06/2019 ao 03/07/2019          |
| 4ª (22 ao 26 de xullo)          | MALPICA de B. | Do 03/06/2019 ao 10/07/2019          |
| 5ª (29 de xullo ao 2 de agosto) | A CORUÑA      | Do 03/06/2019 ao 17/07/2019          |
| 6ª (5 ao 9 de agosto)           | ORTIGUEIRA    | Do 03/06/2019 ao 24/07/2019          |

### INFORMACIÓN XERAL:

Lugar: zona marítima ou embalse a definir polo concello.

Duración: unha semana, de luns a venres, ambos inclusive.

Distribución dos grupos:

Grupo A pola mañá de 10.00 a 14.00 horas.

Grupo B pola tarde de 16.00 a 20.00 horas.

A incorporación e regreso dende as instalacións de celebración dos cursos correrá a cargo dos participantes.

### DESTINATARIOS:

Para rapaces/zas empadroados na provincia, de 9 a 18 anos, ambas idades incluídas. É imprescindible que saiban nadar.

### COTA DE INSCRICIÓN:

25 €, que se ingresarán na conta que determinará a Deputación da Coruña, facendo constar: "CAMPAÑA DE VELA 2019", xunto co nome do participante. A Deputación da Coruña informará puntualmente do número de conta a través da páxina web [www.dacoruna.gal/deportes](http://www.dacoruna.gal/deportes).

### INDUMENTARIA:

Os nenos/as deberán traer zapatillas deportivas, roupa cómoda e unha prenda de abrigo, mellor se é impermeable.

Aconséllase que traian unha mochila con roupa para cambiarse ó finalizar a actividade.

A organización facilitará chaleco salvavidas para todos os participantes.

### PROGRAMA:

A "CAMPAÑA DE VELA 2019" terá os seguintes contidos:

- Iniciación ós conceptos teóricos da navegación a vela.
- Iniciación ó coñecemento básico dos nós mariños.
- Realización práctica de navegación a vela.

### INSCRICIÓN E DATOS XERAIS:

Inscrición: nos concellos participantes.

Documentación: para formalizar a inscrición debes entregar no teu concello:

- Certificado de empadramento.
- Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titor do solicitante.
- Fotocopia do DNI, ou do libro de familia.
- Copia de aboamento da cota de inscrición (logo de confirmada a praza por parte do concello).
- No caso de tratamento médico ou doenza entregarase xustificante médico asinado polo facultativo pertinente.

## FICHA DE INSCRICIÓN

Concello de:

.....

Quenda 1.ª  Quenda 2.ª

Quenda 3.ª  Quenda 4.ª

Quenda 5.ª  Quenda 6.ª

FOTO

### Datos da persoa solicitante:

Apelidos .....

Nome .....

Data de nacemento .....

Enderezo .....

Localidade .....

Concello ..... CP .....

DNI .....

Centro de estudos .....

Localidade .....

### Datos médicos:

Vacinas subministradas .....

.....

Alerxias, se é positivo detalle cales .....

.....

Outras observacións de interese .....

.....

.....

No caso de urxencia avise a .....

.....

DNI ..... Tel. ....:

**Para entregar nas oficinas municipais co resto da documentación antes da finalización do prazo de inscrición.**

A adxudicación das prazas realizarase por riguroso orde de inscrición e no caso de existir moitas solicitudes, o concello elaborará unha listaxe de reserva.